

2018  
2019



FORMACIÓN  
PROFESIONAL



Familia profesional

Seguridade e  
medio ambiente

o futuro  
nas túas mans

XUNTA DE GALICIA

# CM Emerxencias e protección civil

## Ciclo formativo de grao medio

## Título LOE

### Perfil profesional

Duración

**2.000 horas**

**Que se aprende a facer?** Intervir operativamente, cumprindo coas normas de seguridade, en emerxencias provocadas por sucesos ou catástrofes orixinadas por riscos diversos, en áreas tanto rurais e forestais como urbanas, realizando as actividades de control, mitigación e extinción dos axentes causantes deses sucesos (lume, avenidas de auga, substancias NBQ, etc.), o rescate, o salvamento e a atención como primeiro interviniente das persoas afectadas e a rehabilitación de emerxencia das zonas ou os bens abranguidos, mantendo operativos os vehículos, os equipamentos, as máquinas e as ferramentas de intervención, así como organizar os equipos e as unidades baixo a súa responsabilidade, e contribuír á divulgación e ao cumprimento dos principios e as normas de protección civil, aplicando a normativa vixente.

**En que ámbitos se traballa?** No sector de servizos de prevención e extinción de incendios forestais e apoio en continxencias do medio natural e rural e Protección Civil, nos servizos públicos estatais, autonómicos e locais de atención de emerxencias e os corpos de bombeiros, desenvolvendo a súa actividade como traballador/a dependente das administracións públicas ou en empresas privadas dedicadas a traballos agroforestais e ambientais, en servizos de bombeiros/as dedicados á prevención de incendios e mantemento, e en sectores industriais dedicados á produción, á distribución, á fabricación e ao almacenamento de produtos e substancias perigosas, podendo exercer accións de colaboración internacional.

**Que ocupacións se desempeñan?** Capataz ou encargado/a de extinción de incendios forestais; bombeiro/a forestal, de servizos municipais, provinciais, mancomunados, consorciados, autonómicos ou doutros servizos en entes públicos; técnico/a en emerxencias das Forzas Armadas; bombeiro/a de aeroportos ou de empresa privada.

**Cales son os módulos deste ciclo?** Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0058	<b>Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia</b>	53
1º	MP0055	<b>Atención sanitaria inicial en situacións de emerxencia</b>	266
1º	MP1535	Formación e orientación laboral	107
1º	MP1532	<b>Intervención operativa en actividades de salvamento e rescate</b>	214
1º	MP1530	<b>Intervención operativa en extinción de incendios urbanos</b>	187
1º	MP1528	<b>Mantemento e comprobación do funcionamento dos medios materiais empregados na prevención de riscos de incendios e emerxencias</b>	133
2º	MP1534	Coordinación de equipos e unidades de emerxencias	104
2º	MP1536	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP1537	Formación en centros de traballo	410
2º	MP1533	<b>Inspección de establecementos, eventos e instalacións para a prevención de incendios e emerxencias</b>	70
2º	MP1531	<b>Intervención operativa en sucesos de orixe natural, tecnolóxica e antrópica</b>	193
2º	MP1529	<b>Vixilancia e intervención operativa en incendios forestais</b>	210

**Nota.** Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

**Que título se obtén?** Técnico en Emerxencias e protección civil.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables	
MP1528	Mantemento e comprobación do funcionamento dos medios materiais empregados na prevención de riscos de incendios e emerxencias.	UC1748_2	Comprobar e manter o funcionamento dos medios materiais empregados na prevención de riscos de incendios e emerxencias.
		UC1964_2	Executar labores de vixilancia e detección de incendios forestais e de mantemento de infraestruturas de prevención e extinción, e informar a poboación.
MP1529	Vixilancia e intervención operativa en incendios forestais.	UC1749_2	Aplicar as normas de seguridade e manter as capacidades físicas para o desempeño profesional de actividades vinculadas á prevención de incendios e emerxencias.
		UC1964_2	Executar labores de vixilancia e detección de incendios forestais e de mantemento de infraestruturas de prevención e extinción, e informar a poboación.
		UC1965_2	Executar operacións de extinción de incendios forestais.
MP1530	Intervención operativa en extinción de incendios urbanos.	UC0402_2	Executar as operacións necesarias para o control e a extinción de incendios.
		UC1749_2	Aplicar as normas de seguridade e manter as capacidades físicas para o desempeño profesional de actividades vinculadas á prevención de incendios e emerxencias.
MP1531	Intervención operativa en sucesos de orixe natural, tecnolóxica e antrópica.	UC0403_2	Actuar en sucesos descontrolados con ameaza para as persoas ou o ambiente.
		UC0404_2	Executar as operacións necesarias para o control de emerxencias coas axudas técnicas adecuadas.
		UC1749_2	Aplicar as normas de seguridade e manter as capacidades físicas para o desempeño profesional de actividades vinculadas á prevención de incendios e emerxencias.
		UC1966_2	Realizar labores de apoio en continxencias no medio natural e rural.
MP1532	Intervención operativa en actividades de salvamento e rescate.	UC0401_2	Executar as operacións necesarias para salvar vidas en perigo.
		UC1749_2	Aplicar as normas de seguridade e manter as capacidades físicas para o desempeño profesional de actividades vinculadas á prevención de incendios e emerxencias.
MP1533	Inspección de establecementos, eventos e instalacións para a prevención de incendios e emerxencias.	UC1747_2	Avaliar as instalacións e o cumprimento das normas para a prevención de riscos de incendios e emerxencias.
MP0055	Atención sanitaria inicial en situacións de emerxencia.	UC0272_2	Asistir como primeiro interviniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.
		UC0361_2	Prestar atención sanitaria inicial a múltiples vítimas.
MP0058	Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia.	UC0072_2	Aplicar técnicas de apoio psicolóxico e social en situacións de crise.

Que módulos profesionais se validan? A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC1748_2	Comprobar e manter o funcionamento dos medios materiais empregados na prevención de riscos de incendios e emerxencias.	MP1528	Mantemento e comprobación do funcionamento dos medios materiais empregados na prevención de riscos de incendios e emerxencias.
UC1964_2	Executar labores de vixilancia e detección de incendios forestais e de mantemento de infraestruturas de prevención e extinción, e informar a poboación.		
UC1749_2	Aplicar as normas de seguridade e manter as capacidades físicas para o desempeño profesional de actividades vinculadas á prevención de incendios e emerxencias.	MP1529	Vixilancia e intervención operativa en incendios forestais.
UC1964_2	Executar labores de vixilancia e detección de incendios forestais e de mantemento de infraestruturas de prevención e extinción, e informar a poboación.		
UC1965_2	Executar operacións de extinción de incendios forestais.		
UC0402_2	Executar as operacións necesarias para o control e a extinción de incendios.	MP1530	Intervención operativa en extinción de incendios urbanos.
UC1749_2	Aplicar as normas de seguridade e manter as capacidades físicas para o desempeño profesional de actividades vinculadas á prevención de incendios e emerxencias.		
UC0403_2	Actuar en sucesos descontrolados con ameaza para as persoas ou o ambiente.	MP1531	Intervención operativa en sucesos de orixe natural, tecnolóxica e antrópica.
UC0404_2	Executar as operacións necesarias para o control de emerxencias coas axudas técnicas adecuadas.		
UC1749_2	Aplicar as normas de seguridade e manter as capacidades físicas para o desempeño profesional de actividades vinculadas á prevención de incendios e emerxencias.		
UC1966_2	Realizar labores de apoio en continxencias no medio natural e rural.		
UC0401_2	Executar as operacións necesarias para salvar vidas en perigo.	MP1532	Intervención operativa en actividades de salvamento e rescate.
UC1749_2	Aplicar as normas de seguridade e manter as capacidades físicas para o desempeño profesional de actividades vinculadas á prevención de incendios e emerxencias.		
UC1747_2	Avaliar as instalacións e o cumprimento das normas para a prevención de riscos de incendios e emerxencias.	MP1533	Inspección de establecementos, eventos e instalacións para a prevención de incendios e emerxencias.
UC0272_2	Asistir como primeiro interviniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.	MP0055	Atención sanitaria inicial en situacións de emerxencia.
UC0361_2	Prestar atención sanitaria inicial a múltiples vítimas.		
UC0072_2	Aplicar técnicas de apoio psicolóxico e social en situacións de crise.	MP0058	Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia.

Nota. O módulo profesional MP1534: coordinación de equipos e unidades de emerxencias validarase cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia que se inclúen no título.

# CS Educación e control ambiental

## Ciclo formativo de grao superior

## Título LOE

Perfil profesional

Duración

**2.000 horas**

**Que se aprende a facer?** Sensibilizar e educar a poboación, promovendo actitudes que contribúan á conservación e a mellora do medio, informando sobre os seus valores e os problemas ambientais, capacitando para unha correcta toma de decisións, deseñando actividades para o seu coñecemento e un uso baseado en principios de sustentabilidade, así como realizar accións de xestión ambiental para controlar e protexer o medio, aplicando a normativa.

**En que ámbitos se traballa?** En calquera organización de carácter público ou privado, que teña como obxecto o control ambiental e os seus recursos, o desenvolvemento de programas de educación ambiental (información, comunicación, formación, interpretación e participación), a realización de actividades de guía-intérprete e acompañamento polo contorno, ou a xestión ambiental.

**Que ocupacións se desempeñan?** Educador/ora ambiental; informador/a ambiental; monitor/a de educación ambiental; documentalista ambiental; guía ambiental; programador/a de actividades ambientais; monitor/a de campañas ambientais; guía-intérprete do patrimonio natural; profesional do servizo de xestión ambiental; profesional do servizo de ambiente; técnico/a en control de espazos naturais, monitor/a da natureza, axente ambiental ou similar, monitor/a de equipamentos ambientais.

**Cales son os módulos deste ciclo?** Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0787	<b>Actividades humanas e problemática ambiental</b>	133
1º	MP0785	<b>Estrutura e dinámica do ambiente</b>	133
1º	MP0795	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0786	<b>Medio natural</b>	187
1º	MP0789	Métodos e produtos cartográficos	80
1º	MP0790	<b>Técnicas de educación ambiental</b>	107
1º	MP0788	Xestión ambiental	213
2º	MP0792	<b>Actividades de uso público</b>	157
2º	MP0793	<b>Desenvolvemento no medio</b>	87
2º	MP0796	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0797	Formación en centros de traballo	384
2º	MP0017	Habilidades sociais	123
2º	MP0791	<b>Programas de educación ambiental</b>	210
2º	MP0794	Proxecto de educación e control ambiental	26

**Nota.** Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

**Que título se obtén?** Técnico superior en Educación e control ambiental.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables	
MP0785	Estrutura e dinámica do ambiente.	UC0804_3	Informar sobre o ambiente e os seus valores.
MP0790	Técnicas de educación ambiental.		
MP0786	Medio natural.	UC0083_3	Controlar e vixiar os espazos naturais e o seu uso público.
MP0792	Actividades de uso público.		
MP0787	Actividades humanas e problemática ambiental.	UC0805_3	Interpretar a influencia recíproca das actividades humanas e o medio socionatural.
MP0791	Programas de educación ambiental.		
MP0790	Técnicas de educación ambiental.	UC0806_3	Desenvolver programas de educación ambiental e facilitar procesos educativos.
MP0791	Programas de educación ambiental.		
MP0793	Desenvolvemento no medio.	UC0803_3	Guiar grupos de persoas polo contorno e as súas representacións para contribuír á súa sensibilización e capacitación ambiental.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC0083_3	Controlar e vixiar os espazos naturais e o seu uso público.	MP0792	Actividades de uso público.
UC0083_3	Controlar e vixiar os espazos naturais e o seu uso público.	MP0786	Medio natural.
UC0085_3	Controlar o aproveitamento dos recursos cinexéticos e piscícolas.		
UC0803_3	Guiar grupos de persoas polo contorno e as súas representacións para contribuír á súa sensibilización e capacitación ambiental.	MP0793	Desenvolvemento no medio.
UC0804_3	Informar sobre o ambiente e os seus valores.	MP0785	Estrutura e dinámica do ambiente.
UC0805_3	Interpretar a influencia recíproca das actividades humanas e o medio socionatural.	MP0787	Actividades humanas e problemática ambiental.
UC0805_3	Interpretar a influencia recíproca das actividades humanas e o medio socionatural.	MP0790	Técnicas de educación ambiental.
		MP0791	Programas de educación ambiental.
UC0806_3	Desenvolver programas de educación ambiental e facilitar procesos educativos.		

Nota. O módulo profesional MP0789: métodos e produtos cartográficos validarase cando se teñan acreditadas as unidades de competencia UC0083\_3: controlar e vixiar os espazos naturais e o seu uso público e UC0085\_3: controlar o aproveitamento dos recursos cinexéticos e piscícolas.

# Información

## Notación

<b>O</b>	Réxime ordinario presencial
<b>A</b>	Réxime de adultos modalidade presencial
<b>D</b>	Réxime de adultos modalidade a distancia
<b>U</b>	FP Dual (empresa e centro educativo)

### CM Emerxencias e protección civil

#### Pontevedra

Estrada, A	IES Antón Losada Diéguez	<b>O</b>	886151924	ies.losada.dieguez@edu.xunta.es
------------	--------------------------	----------	-----------	---------------------------------

### CS Educación e control ambiental

#### Pontevedra

Ponteareas	CIFP A Granxa	<b>D</b>	886120880	cifp.granxa@edu.xunta.es
------------	---------------	----------	-----------	--------------------------



## Onde informarse

**Portal Educativo de Formación Profesional:**  
[www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp)

## Síguenos en:

 [twitter.com/fpgalicia](https://twitter.com/fpgalicia)

 [facebook.com/fpgalicia](https://facebook.com/fpgalicia)

#FPGalicia  
#FPDualGalicia

## Departamentos de orientación dos centros educativos

### Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio administrativo de San Caetano

**Santiago de Compostela**

Teléfonos 981 544 400 - 981 544 376

[dxefpie@edu.xunta.es](mailto:dxefpie@edu.xunta.es)

galicia



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo

"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA  
DE GALICIA